

FOLLA DE RUTA ESCRITO BASE DE SOBREMORTANDADE PARA PRESENTAR NO CONCELLO

1. Existen **tres modelos de escrito**

- a) Escrito para ser presentado por unha **persoa individual**.
- b) Escrito para ser presentado **por varias persoas**. A única particularidade de este escrito é que ao final teñen que firmar todos e poñer o seu DNI.
- c) Escrito para ser presentado **por una Asociación**. A única particularidade de este formato de escrito e poñer o número de rexistro no encabezamento do escrito, identificar ao representante legal (presidente da Asociación), e poñer a data da Asamblea en que se acordou impulsar a iniciativa ante o concello.

2. O escrito preséntase **co informe estatístico de sobremortandade** baseado en datos oficiais.

3. **É preferíbel presentalo de xeito tanxíbel, físico, nun portelo**. Levar unha copia do escrito co informe anexo, a fin de vos cuñaren o escrito. Asegurádevos de que o cuño leve a data de presentación.

4. Periodicamente, facede acto de presenza na oficina onde o presentastes, a fin de vos forneceren os datos identificativos do **expediente administrativo atribuído ao escrito**.

5. Unha vez obtido o número de expediente, xa tendes todos os datos **para acceder ao dito expediente e coñecer as resolucións** que se ditan, ou ben se non se dita ningunha.

MODIFICACIÓNS AO ESCRITO BASE DE SOBREMORTANDADE: ENGADINDO DATOS ESTADÍSTICOS DO REXISTRO CIVIL

Suxestións para ampliar o escrito:

Podedes acudir ao Rexistro Civil dun ou de varios concellos para solicitar **o número de defuncións** ocorridas por ano durante os anos 2018 a 2022. Para isto:

- a) Xúntasevos unha **listaxe de rexistros civís da Galiza**, con cadanseu teléfono, enderezo e fax. **E un listado de concellos en que ven o núm. de habitantes** de cada un.

https://www.familysearch.org/es/wiki/Registros_Civiles_de_A_Coru%C3%B1a,_Galicia,_Espa%C3%B1a

<https://www.todoslosayuntamientos.es/galicia>

- b) Un modelo para presentar a solicitude de datos estatísticos no rexistro civil en que escollestes solicitar datos de defuncións.

Si queredes engadir a información obtida tras a solicitude ao escrito base, lembrade sempre ser claros, concisos e veraces ao detallardes que os datos estatísticos (que engadides) refírense ás **inscricións de defunción practicadas no territorio correspondente ao Rexistro Civil de** (o que for).

Para non se fracturar a estrutura e o fío do escrito base, suxírese pór a nova información estatística obtida no APARTADO PRIMEIRO DO ESCRITO BASE, **logo da frase** “buscar a verdade, contárselle á xente e preservar a súa saúde, a súa vida, os seus dereitos, na medida das nosas posibilidades”.